

Financiamento de pequeno equipamento científico. Campus Industrial de Ferrol

O Campus Industrial de Ferrol da Universidade da Coruña (UDC), no marco da súa aposta pola especialización, promove accións encamiñadas a mellorar os medios e o equipamento que se atopan á disposición do persoal investigador a el adscrito co fin de asegurar que conta cos necesarios para levar a cabo actividades de I+D+i nas liñas de especialización deste campus.

O obxecto desta convocatoria é **coñecer as necesidades de pequeno equipamento científico** do Campus Industrial de Ferrol que non poidan ser financiadas a través doutras axudas ou convocatorias, analízalas e ponderalas con base nos criterios e por parte da comisión establecidos neste documento, para despois promover o correspondente proceso de licitación.

1. FINANCIAMENTO

O financiamento con que conta o Campus Industrial de Ferrol para adquirir pequeno equipamento científico na anualidade de 2022 ascende ao importe máximo de 226 000 €, en virtude do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a UDC para impulsar accións no Campus Industrial de Ferrol como campus de especialización acreditado do sistema universitario da Galicia, asinado o 26/10/2021.

2. REQUISITOS DOS/AS SOLICITANTES

2.1. Poderá pedir este financiamento o persoal investigador que na data de finalización do prazo de solicitudes indicado se encontre adscrito ao Campus Industrial de Ferrol e que sexa membro permanente ou non permanente del segundo o [regulamento deste campus, aprobado polo Consello de Goberno da UDC o 20/12/2021](#).

2.2. Cada investigador/a adscrito/a ao Campus Industrial de Ferrol poderá presentar unha única solicitude, ben sexa individual ou coordinada con outro persoal investigador.

2.3. No caso das solicitudes coordinadas, todo o persoal investigador deberá cumprir o requisito da adscrición ao Campus Industrial de Ferrol.

2.4. O equipamento que solicite o persoal investigador e que finalmente sexa adquirido a través deste financiamento será instalado, habilitado e utilizado dentro das instalacións do Campus Industrial de Ferrol.

3. FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

3.1. O importe máximo de cada solicitude será de 35 000 €, IVE incluído. De se tratar dunha proposta avalada por varios membros do persoal investigador deste campus, valorarase a posibilidade de admitir propostas de maior orzamento, as cales, aínda que non poidan ser financiadas arestora, serán tidas en conta para trasladalas a próximas convocatorias en que se dispoña dunha maior dotación orzamentaria.

Dentro da adquisición de pequeno equipamento inclúese a do software de funcionamento de equipos.

Á hora de formular as solicitudes deberán terse en conta as seguintes consideracións:

- 1) Os importes solicitados corresponderanse co importe total, IVE incluído.
- 2) Non se poderá solicitar financiamento para gastos que xa estean pagados.

3.2. A solicitude deberá constar da seguinte documentación:

- 1) O formulario de solicitude que figura no anexo I deste documento.
- 2) Unha breve memoria en que se describa a acción para a cal se solicita financiamento e se explique a necesidade tanto da acción como do financiamento.
- 3) O orzamento do equipamento solicitado en que cómpre que se poidan identificar con claridade as características técnicas e o custo, coa base impositiva e o IVE desagregados.

3.3. A solicitude de axuda realizarase mediante o envío da documentación antes mencionada ao enderezo de correo electrónico investigacion.campus.industrial@udc.gal. Ademais, poderá presentarse en calquera dos rexistros que indica o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten por procedementos distintos dos especificados resultarán excluídas.

3.4. O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días hábiles que contarán desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria.

4. CONCESIÓN DO FINANCIAMENTO

4.1. A concesión ou non de financiamento e o importe deste serán decisión dunha comisión de avaliación que estará presidida pola vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, sen a condición de membro e que actuará con voz, pero sen voto. Os restantes membros desta comisión serán a directora do Campus Industrial de Ferrol, que actuará como secretaria, con voz, pero sen voto; e tres persoas externas científicas expertas do Comité Asesor Científico do Campus Industrial de Ferrol, de acordo co regulamento deste campus.

Esta comisión poderá solicitarlle ao persoal investigador información adicional no caso de o considerar necesario.

4.2. Priorizaranse as solicitudes de acordo coa seguinte orde de prelación:

- 1) Uso do equipo para fortalecer a investigación nos ámbitos en que o Campus Industrial de Ferrol quere centrar o seu posicionamento, pola súa consideración de estratéxicos dentro da planificación actual da entidade:
 - a) Robótica industrial
 - b) Materiais
 - c) Optimización de procesos industriais
 - d) Enxeñaría naval e *offshore*
 - e) Xestión industrial
 - f) Desenvolvemento de produto
- 2) Peticións de equipamento que se efectúen entre varios membros do persoal investigador e que contribúan a dinamizar máis dunha liña estratéxica ou máis dunha liña de investigación.
- 3) Peticións de equipamento que contribúan á apertura de novas liñas dentro dos ámbitos estratéxicos do Campus Industrial de Ferrol.

- 4) Peticións de equipamento que contribúan a mellorar o posicionamento do persoal investigador emerxente.

5. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

5.1 A resolución do procedemento publicarase no [taboleiro electrónico oficial da sede electrónica da UDC](#).

5.2 As candidaturas seleccionadas deberán colaborar co Campus Industrial de Ferrol na elaboración dos pregos para realizar o correspondente proceso de licitación a través do Servizo de Contratación da UDC.

En caso de renuncia ao financiamento, as persoas beneficiarias comunicaranos ao Campus Industrial de Ferrol nun prazo máximo dun mes. Iso implicará a renuncia total ao devandito financiamento.

6. OBRIGAS DOS/AS CANDIDATOS/AS SELECCIONADOS/AS

6.1. Colaborar na elaboración dos pregos de prescricións técnicas dos equipos.

6.2. Presentar a documentación administrativa correspondente que permita executar o gasto en tempo e forma suficientes, e en calquera caso nos prazos indicados pola Oficina do Campus Industrial de Ferrol.

O incumprimento das obrigas anteriores dará lugar á perda do dereito ao financiamento.

6.3. Identificar visiblemente que o equipamento foi financiado polo Campus Industrial de Ferrol, para o cal empregarán os distintivos adhesivos que atoparán á súa disposición na Oficina do Campus Industrial de Ferrol.

6.4. As persoas beneficiarias quedan obrigadas a xustificar as accións realizadas grazas á adquisición do equipamento.

Coa maior brevidade posible, e en calquera caso antes do 01/11/2022, enviarase ao enderezo de correo electrónico investigacion.campus.industrial@udc.gal a seguinte documentación:

- 1) Evidencia (imaxe) do equipamento adquirido, co distintivo adhesivo do financiamento do Campus Industrial de Ferrol.
- 2) Memoria xustificativa en que se expliquen os avances levados a cabo, segundo o previsto na memoria da solicitude presentada.

7. INCUMPRIMENTO

A eventual ocultación ou o falseamento de datos, así como o incumprimento total ou parcial dos requisitos e as obrigas establecidos nesta convocatoria e nas demais normas aplicables, e das condicións que, de ser o caso, se establezan nas correspondentes resolucións de financiamento, darán lugar á desadscripción permanente do Campus Industrial de Ferrol.

8. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPd), e do

artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cos seguintes datos de contacto: rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do taboleiro electrónico oficial da sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución de esta convocatoria permanecerá publicada en tales taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da UDC, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ben ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto co cal achegará unha fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente á persoa que sexa a delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal antes indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social
María Jesús Movilla Fernández

Anexo I. Solicitud

Investigador/a 1
Nome e apelidos
DNI
Grupo de investigación (ou ben especifíquese segundo corresponda investigador/a individual)
Teléfono(s) de contacto
Correo electrónico de contacto

Investigador/a 2
Nome e apelidos
DNI
Grupo de Investigación (ou ben especifíquese segundo corresponda investigador/a individual)
Teléfono(s) de contacto
Correo electrónico de contacto

Deben cubrirse tantas táboas como persoas investigadoras realicen a solicitude.

Lugar, data e sinatura de todo o persoal investigador solicitante: